



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS  
ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

## **MATERIA: RÍTMICA E IMPROVISACIÓN**

### **CURSO 1º**

#### **PRESENTACIÓN.**

O ritmo é o principio organizador de toda peza musical. O ritmo imprime movemento á música, conxúga e convértea nun todo.

O mellor modo de aprender a seguir o ritmo é escoitando música e interpretándoa co corpo, é dicir, movéndonos. A capacidade de sincronizar movementos e música é un requisito importante para o desenvolvemento de toda actividade musical, desde escribir a escoitar e interpretar pezas musicais.

#### **OBXECTIVOS**

- Coñecer as novidades rítmicas e métricas do período 1.900-1950.
- Desenvolver a capacidade necesaria para abordar a Rítmica Contemporánea.
- Improvisar acompañamentos, melodías ou pezas completas xa sexa libremente ou seguindo pautas máis ou menos estritas.
- Desenvolver a capacidade auditiva.
- Dotar aos alumnos das aptitudes de Recoñecemento, interpretación e improvisación.
- Coñecer novas grafías e a súa aplicación didáctica.
- Coñecer os fundamentos da Rítmica nos Pedagogos do século xx , Dalcroze, Orff.

#### **CONTIDOS**

Ampliación de fórmulas tradicionais. Aparición como recurso habitual dos denominados “compases mixtos”. Uso sistemático de “ grupos de valoración especial”. Cambio frecuente de compás..Polimetría. Polirritmia.

Improvisación de patróns e estruturas rítmicas .Improvisación de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista. Patróns rítmicos que integran melodía e acompañamento. Desenvolvemento mediante elementos de fraseo e diversificación rítmica. Improvisación con células rítmicas, diferentes tipos.

Coñecemento das novas orientacións da música contemporánea e as súas consecuencias gráficas .Ruptura da simetría e da periodicidade rítmica. Procura de novas sonoridades.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS  
ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

## **MATERIA: RÍTMICA E IMPROVISACIÓN METODOLOXÍA**

A metodoloxía será participativa e activa. O profesor facilitará a participación tanto en grupo como en forma individual, complementando os coñecementos teóricos con exercicios prácticos segundo o tema e utilizando os recursos e medios dispoñibles.

Realizaranse traballos teórico-prácticos aos contidos da materia.

Propiciarase a asimilación e incorporación das habilidades e destrezas necesarias para a comprensión, interiorización e expresión dos contidos teóricos.

### **SISTEMA DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

Realizaranse dúas probas ao finalizar o cuadrimestre, unha teórica e outra práctica. Ambas as probas terán unha puntuación máxima de 5 puntos, sendo necesario un mínimo de 2,5 puntos en cada unha das probas para obter a suma total da cualificación, que non poderá exceder de 10 puntos.

#### **A) CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Parte teórica: Probas escritas que conteñan os aspectos teóricos, conceptos, do programa.

Parte práctica: Elaboración escrita e práctica de exercicios de lectura, improvisación, audición e composición rítmica.

#### **B) AVALIACIÓN/ CUALIFICACIÓN FINAL**

Proba teórica: 5 puntos.

Proba práctica: 5 puntos.

A cualificación final obterase da suma obtida de ambas as probas e non poderá exceder dos 10 puntos.

En caso de non superar a materia nalgúns dos parciais, o estudante poderá optar polo  
exame final da convocatoria de Xuño.  
A asistencia a clase será de carácter obrigatorio polo menos nun 85%.

Na convocatoria de Setembro o alumno realizase un exame teórico de todos os contidos teóricos do programa e un exame práctico de todos os contidos prácticos do programa. Cada un deles terán unha puntuación máxima dun 5.



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO  
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807  
Email: [cmus.vigo@edu.xunta.es](mailto:cmus.vigo@edu.xunta.es)  
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS  
ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

## **MATERIA: RÍTMICA E IMPROVISACIÓN**

### **BIBLIOGRAFÍA**

O ritmo musical de Mattis Lussy.

O ritmo musical de Edgar Willems.L

A rítmica de Xaques-Dalcroze.

Música e movemento .Actividades no aula .de Grao.

A notación da música contemporánea.

Audicións: Strawinsky,” A consagración da primavera”

Varése. Bartok. Cage. Ligeti.